

CULTURA • POR REDACCIÓN GRUPO ES. • 1 FEBRERO, 2018

Para o 24 de febreiro

A AELG para a celebración prepara actos para o Día de Rosalía de Castro



Cartel anunciador.

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) dispónse a conmemorar un ano máis o Día de Rosalía de Castro. O 24 de febreiro, fixado no Calendario do Libro e da Lectura como aniversario do nacemento da autora, esta entidade propón á cidadanía que agasalle un libro en galego e unha flor, alén doutras accións que contan con grande aceptación e impulso por parte da sociedade, e moi especialmente polo sector educativo, como se pode comprobar no [arquivo audiovisual e de imaxes da web da AELG](#).

Alén do acto central, que terá lugar ás 12.00 do sábado 24 de febreiro no Panteón de Galegos Ilustres, a AELG en colaboración coa súa base asociativa está organizando por todo o país lecturas públicas da obra de Rosalía de Castro.

En todos estes actos lerase o tradicional manifesto da AELG, que este ano elaborou a escritora María Reimóndez con título “Abride a fiestra”, e que se pode consultar [aquí](#).

ACTIVIDADES ENSINO

Para expandir o poder da súa palabra rosaliana entre a xente nova, a AELG convida a celebrar o Día de Rosalía de Castro nos centros de ensino con accións colectivas de difusión da súa obra, propostas de trabal que se poden consultar [aquí](#).

Moción proposta pola AELG para ser aprobada polos plenos dos concellos do país

Desde 2011 a AELG vén solicitando aos concellos que declaren o 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro, e así o fixeron Allariz, Ames, Baiona, Bueu, Burela, Betanzos, Carballo, Carnota, Cedeira, Cee, Cerceda, Chantada, A Coruña, Entrimo, A Estrada, Fisterra, Foz, A Guarda, Lalín, Lobeira, Melide, Miño, Muros, Narón, Ourense, Padrón, A Pobra do Brollón, Poio, Pontearreas, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Rois, O Rosal, A Rúa de Valdeorras, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Tui, Valdoviño, Vigo, Vilasantar e Xermade. A estas entidades sumáronse tamén as Deputacións da Coruña e Lugo.

A AELG seguirá a facer chegar aos plenos unha [moción](#) neste sentido solicitándolles que recollan esta celebración nas súas programacións culturais.